

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

10481 *Resolución do 5 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Transporte Terrestre, pola que se modifica a do 19 de abril de 2007, pola que se establecen os controis mínimos sobre as xornadas de traballo dos condutores no transporte por estrada.*

Esta resolución incorpora ao ordenamento xurídico español as directivas 2009/4/CE e 2009/5/CE da Comisión, do 23 e do 30 de xaneiro de 2009, relativas, respectivamente, ás medidas para previr e detectar a manipulación dos datos do tacógrafo, e ao establecemento de directrices comúns para clasificar as infraccións de forma harmonizada co obxecto de poder avaliar o risco das empresas sobre a base do número e gravidade das infraccións cometidas por aquelas. Ambas as dúas directivas modifican a Directiva 2006/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo, sobre as condicións mínimas para a aplicación dos regulamentos do Consello (CEE) n.º 3820/85, substituído polo Regulamento (CE) 561/06 e (CEE) n.º 3821/85 no que respecta á lexislación social relativa ás actividades de transporte por estrada e pola que se derroga a Directiva 88/599/CEE do Consello.

Con estas modificacións introdúcense no procedemento de control medidas específicas dirixidas a comprobar os equipamentos co fin de evitar a instalación de dispositivos concibidos para cometer fraudes contra o sistema e, por outra parte, establécese unha nova lista de infraccións máis detallada que as divide en función da súa gravidade para os efectos da clasificación de riscos das empresas infractoras, efectos que son simplemente internos para a inspección de transportes e non afectan a clasificación das infraccións para a imposición de sancións.

Por todo iso, esta dirección xeral acordou o seguinte:

A Resolución do 19 de abril de 2007, da Dirección Xeral de Transportes por Estrada, pola que se establecen os controis mínimos sobre as xornadas de traballo dos condutores no transporte por estrada, queda modificada do seguinte xeito:

Un. No anexo I, parte A, engádese o punto 5 seguinte:

«5) De ser o caso, e atendendo debidamente a consideracións de seguranza, o aparello de control instalado no vehículo, co fin de detectar a instalación ou utilización de calquera dispositivo destinado a destruír, suprimir, manipular ou modificar datos, ou a interferir coa transmisión electrónica de datos entre os compoñentes do aparello, ou que inhiba ou altere os datos de calquera destas maneiras antes da súa cifraxa.»

Dous. No anexo II engádese o punto 3 seguinte:

«3) Equipamentos específicos de análise, co software adecuado, para verificar e confirmar a sinatura dixital adxunta aos datos, así como software de análise específica para proporcionar un detallado perfil de velocidade do vehículo antes da inspección do seu aparello de control.»

Tres. Substitúese o anexo III polo que figura no anexo desta resolución.

Madrid, 5 de xuño de 2009.–O director xeral de Transporte Terrestre, Juan Miguel Sánchez García.

ANEXO

«ANEXO III

Infraccións

De conformidade co punto sétimo, no seguinte cadro determínase unha escala de infraccións dos regulamentos (CE) 561/2006 e (CEE) 3821/85, divididas en categorías en función da súa gravidade.

1. Grupos de infraccións do Regulamento (CE) 561/2006

Nº	Base xurídica	Tipo de infracción	Moi grave	Grave	Leve
A		Tripulación			
A1	Artigo 5.1.	Incumprimento da idade mínima dos condutores.		X	
B		Tempos de conducción			
B1	Artigo 6.1.	Tempo diario de conducción superior a 9 h se non é posible ampliálo a 10 h.	9 h <... < 10 h		X
B2			10 h <... < 11 h		X
B3			11 h <...	X	
B4	Artigo 6.1.	Tempo diario de conducción superior a 10 h se é posible a ampliación.	10 h <... < 11 h		X
B5			11 h <... < 12 h		X
B6			12 h <...	X	
B7	Artigo 6.2.	Superación do tempo de conducción semanal.	56 h <... < 60 h		X
B8			60 h <... < 70 h		X
B9			70 h <...	X	
B10	Artigo 6.3.	Superación do tempo acumulado de conducción durante dúas semanas consecutivas.	90 h <... < 100 h		X
B11			100 h <... < 112 h 30		X
B12			112 h 30 <...	X	
C		Pausas			
C1	Artigo 7.	Superación do período de conducción ininterrompida.	4 h 30 <... < 5 h		X
C2			5 h <... < 6 h		X
C3			6 h <...	X	
D		Períodos de descanso			
D1	Artigo 8.2.	Período insuficiente de descanso diario de menos de 11 h se non é posible un período de descanso diario reducido.	10 h <... < 11 h		X
D2			8 h 30 <... < 10 h		X
D3			... < 8 h 30	X	
D4	Artigo 8.2.	Período insuficiente de descanso diario de menos de 9 h se é posible a redución.	8 h <... < 9 h		X
D5			7 h <... < 8 h		X
D6			... < 7 h	X	
D7	Artigo 8.2.	Período insuficiente de descanso diario partido de menos de 3 h + 9 h.	3 h + [8 h <... < 9 h]		X
D8			3 h + [7 h <... < 8 h]		X
D9			3 h + [... < 7 h]	X	
D10	Artigo 8.5.	Período insuficiente de descanso diario de menos de 9 h en caso de conducción en equipo.	8 h <... < 9 h		X
D11			7 h <... < 8 h		X
D12			... < 7 h	X	
D13	Artigo 8.6.	Período insuficiente de descanso semanal reducido de menos de 24 h.	22 h <... < 24 h		X
D14			20 h <... < 22 h		X
D15			... < 20 h	X	
D16	Artigo 8.6.	Período insuficiente de descanso semanal de menos de 45 h se non é posible un período de descanso semanal reducido.	42 h <... < 45 h		X
D17			36 h <... < 42 h		X
D18			... < 36 h	X	
E		Tipos de remuneración			

Nº	Base xurídica	Tipo de infracción	Moi grave	Grave	Leve
E1	Artigo 10.1	Salario vinculado á distancia percorrida ou ao volume de mercadorías transportado.	X		

2. Grupos de infraccións do Regulamento (CEE) n° 3821/85

Nº	Base xurídica	Tipo de infracción	Moi grave	Grave	Leve
F		Instalación de aparello de control			
F1	Artigo 3.1.	Non instalación nin uso dun aparello de control homologado.	X		
G		Uso de aparello de control, tarxeta de condutor e folia de rexistro.			
G1	Artigo 13.	Funcionamento incorrecto do equipamento de control (por exemplo: equipamento de control non inspeccionado, calibrado nin precintado axeitadamente).	X		
G2		Aparello de control utilizado inadecuadamente (utilización dunha tarxeta de condutor non válida, uso indebido intencionado...).	X		
G3	Artigo 14.1	Número insuficiente de follas de rexistro no vehículo.		X	
G4		Modelo de folia de control non homologado.		X	
G5		Insuficiente papel de impresión no vehículo.			X
G6	Artigo 14.2	A empresa non conserva as follas de rexistro, os documentos de impresión e os datos transferidos.	X		
G7	Artigo 14.4	O condutor é titular de máis dunha tarxeta de condutor válida.	X		
G8	Artigo 14.4	Utilización dunha tarxeta de condutor da que o condutor non é o titular.	X		
G9	Artigo 14.4	Utilización dunha tarxeta de condutor defectuosa ou caducada.	X		
G10	Artigo 14.5	Datos rexistrados e almacenados non dispoñibles durante un mínimo de 365 días.	X		
G11	Artigo 15.1	Utilización de follas de rexistro ou tarxetas de condutor manchadas ou estragadas e datos lexibles.			X
G12		Utilización de follas de rexistro ou tarxetas de condutor manchadas ou estragadas e datos non lexibles.	X		
G13		Non solicitar nun prazo de sete días a substitución dunha tarxeta de condutor deteriorada, de funcionamento deficiente, extraviada ou roubada.		X	
G14	Artigo 15.2	Utilización incorrecta de follas de rexistro/tarxetas de condutor.	X		
G15		Retirada non autorizada de follas ou da tarxeta de condutor que incida no rexistro de datos.	X		
G16		Retirada non autorizada de follas ou da tarxeta de condutor que non incida nos datos rexistrados.			X
G17		Utilización dunha folia de rexistro ou da tarxeta de condutor durante un período maior que aquel para o cal estea prevista, sen perda de datos.			X
G18		Utilización dunha folia de rexistro ou da tarxeta de condutor durante un período maior que aquel para o cal estea prevista, con perda de datos.	X		
G19		Non efectuar o rexistro manual cando sexa preciso facelo.	X		
G20		Utilización dunha folia incorrecta ou tarxeta de condutor na rañura incorrecta (máis dun condutor).	X		
G21	Artigo 15.3	A marcación horaria da folia non coincide coa hora oficial do país de matriculación do vehículo.		X	
G22		Utilización incorrecta de dispositivos de conmutación.	X		
H		Información consignada			

Nº	Base xurídica	Tipo de infracción	Moi grave	Grave	Leve
H1	Artigo 15.5	Non se consignaron os apelidos na folla de rexistro.	X		
H2		Non se consignou o nome na folla de rexistro.	X		
H3		Non se consignou a data de comezo ou final de utilización da folla.		X	
H4		Non se consignou o lugar de comezo ou final de utilización da folla.			X
H5		Non se consignou na folla de rexistro o número de matrícula.			X
H6		Non se consignou na folla de rexistro a lectura do contaquilómetros (comezo).			X
H7		Non se consignou na folla de rexistro a lectura do contaquilómetros (final).			X
H8		Non se consignou na folla de rexistro a hora de cambio de vehículo.			X
H9		Non se consignou no aparello de control o símbolo do país.			X
I		Presentación de información			
I1	Artigo 15.7	Negarse a unha verificación.	X		
I2		Imposibilidade de presentar rexistros do día en curso.	X		
I3		Imposibilidade de presentar rexistros dos 28 días anteriores.	X		
I4		Imposibilidade de presentar rexistros da tarxeta de condutor se o condutor posúe unha.	X		
I5		Imposibilidade de presentar os rexistros manuais e documentos de impresión da semana en curso e dos 28 días anteriores.	X		
I6		Imposibilidade de presentar a tarxeta de condutor.	X		
I7		Imposibilidade de presentar os documentos de impresión da semana en curso e dos 28 días anteriores.	X		
J		Fraude			
J1	Artigo 15.8	Falsificar, ocultar ou destruír os datos contidos na folla de rexistro, almacenados no aparello de control ou na tarxeta de condutor ou os documentos de impresión saídos do aparello de control.	X		
J2		Manipular o aparello de control, a folla de rexistro ou a tarxeta de condutor de forma que se falsifiquen os datos ou os documentos de impresión.	X		
J3		Presenza no vehículo dun dispositivo de manipulación que permita falsificar os datos ou os documentos de impresión (conmutador/fío...).	X		
K		Avaría			
K1	Artigo 16.1	Non reparada por un instalador ou un taller autorizado.	X		
K2		Non reparada en ruta.		X	
L		Consignación manual nas follas de impresión.			
L1	Artigo 16.2	O condutor non consigna toda a información non rexistrada durante os períodos de avaría ou funcionamento defectuoso do aparello de control.	X		
L2		O número da tarxeta de condutor, o nome e apelidos, ou o número do permiso de conducción do condutor non figura na folla ad hoc.	X		
L3		Folla ad hoc non asinada.		X	
L4		Artigo 16.3	Extravío ou roubo da tarxeta de condutor non declarado debidamente ás autoridades competentes do Estado en que se produciu.	X»	